



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
mpr

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937  
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA  
PONTEVEDRA

SAÍDA 11720 / RX 141207

Data 06/02/2015 11:24:50



CEIP Alfonso R. Castelao  
CEIP Illas Cies  
CEIP Virxe do Rocio  
CEIP Pintor Laxeiro  
**CEIP Altamar**  
CEIP Ramón y Cajal  
EEI Hernán Cortés  
IES Alexandre Bóveda  
IES Santa Irene  
IES Santo Tomé  
IES Politécnico  
CEIP Lope de Vega  
IES Alvaro Cunqueiro  
IES Alexandre Bóveda  
IES ROU

Achégase resolución desta xefatura territorial, relativa as modificacións na adscrición de Centros de Educación Infantil e Educación Primaria a Institutos de Educación Secundaria no Concello de Vigo.

Pontevedra, 6 de febreiro de 2015

O xefe territorial

César Pérez Ares





**XUNTA DE GALICIA**

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937  
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es

galicia

## RESOLUCIÓN

### Asunto: **adscripción de centros públicos no Concello de Vigo**

Visto o expediente tramitado ante esta xefatura territorial para a modificación da adscripción de determinados centros públicos no Concello de Vigo, resultan os seguintes:

#### ANTECEDENTES

1 Esta xefatura territorial iniciou o procedemento coa proposta da modificación da adscripción dos centros afectados pertencentes ao Concello de Vigo. A proposta inclúe a motivación dos cambios e a adaptación da planificación para atender as actuais necesidades de escolarización da poboación residente nas áreas afectadas.

2 Con data 13.11.2014 esta xefatura territorial trasladou a proposta ao Consello Escolar Municipal de Vigo para cumprir o trámite de audiencia.

3 A xunta provincial de directoras/es foi oída na reunión do 26.11.2014 e a representación das persoas titulares dos centros privados concertados manifestou no escrito achegado o 19.11.2014 a súa conformidade coa proposta.

4 O Servizo Territorial da Inspección Educativa emitiu o 29.01.2015 o **informe favorable** á proposta.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS E TÉCNICOS

1 A **competencia** para acordar a adscripción de centros docentes corresponde a esta xefatura territorial en virtude do artigo 6.1 do *Decreto 254/2012, do 13 de setembro (DOG do 26 de decembro) polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

2 Os cambios de adscripción que se aproban nesta resolución están orientados a atender as necesidades de escolarización nas áreas de influencia dos centros afectados de acordo coa planificación previamente realizada nos seguintes termos:



A maior parte das modificacións están motivadas polas **necesidades de escolarización do alumnado pertencente aos centros actualmente adscritos ao IES Álvaro Cunqueiro**, dado que este centro non pode atender toda a demanda procedente dos cinco centros que ten adscritos. Para corrixir este desequilibrio e axustar a demanda xerada polo alumnado dos centros de educación infantil e primaria e a oferta de postos dos institutos de educación secundaria aos que se adscriben óptase polas seguintes modificacións:

Os *CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, Illas Cíes e Virxe do Rocío*, actualmente adscritos ao *IES Álvaro Cunqueiro*, adscribíense ao *IES Alexandre Bóveda*

O *CEIP Pintor Laxeiro*, actualmente adscrito ao *IES Alexandre Bóveda*, adscribíese ao *IES Santa Irene*.

**O *CEIP Altamar*, actualmente adscrito ao *IES Santa Irene*, adscribíese ao *IES Santo Tomé*.**

A adscrición da *EEI Hernán Cortés* ao *CEIP Lope de Vega*, situado na mesma zona de escolarización, responde á demanda da comunidade educativa dun centro actualmente sen adscribir.

A nova adscrición do *CEIP Ramón y Cajal* ao *IES Politécnico* ten por obxectivo atender de xeito máis eficaz as necesidades de escolarización do seu alumnado en aplicación do criterio de proximidade.

3 O **procedemento** respectou os trámites establecidos no artigo 8.1 da *Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*. Consta no expediente o cumprimento do trámite de audiencia ao Consello Escolar Municipal de Vigo, á xunta provincial de directoras/es e mesmo á representación das persoas titulares dos centros privados concertados, así como a emisión do informe preceptivo da inspección educativa en sentido favorable á proposta.

4 O inicio do prazo establecido para a reserva de praza nos centros de orixe (1-15 de febreiro) en aplicación do calendario do procedemento de admisión e matrícula previsto na disposición adicional primeira da Orde do 12 de marzo de 2013 esixe ditar de inmediato esta resolución para que os cambios de adscrición que se aproban poidan ser efectivos no curso 2015-2016.



En virtude do exposto e de conformidade co informe da inspección educativa, **RESOLVO:**

**Modificar a partir do curso 2015-2016 a adscrición de determinados centros públicos de educación infantil e educación primaria do Concello de Vigo nos termos indicados no anexo desta resolución.**

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer **recurso de alzada** ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á data na que se reciba esta resolución, de acordo cos artigos 114, 115 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 5 de febreiro de 2015

O xefe territorial

César Pérez Ares

**ANEXO**

**CADRO DAS MODIFICACIÓNS NA ADSCRICIÓN DE CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA A INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO CONCELLO DE VIGO**

Centros públicos	Adscrición modificada	Adscrición anterior
<b>CEIP Alfonso R. Castelao</b>	IES Alexandre Bóveda	IES Álvaro Cunqueiro
<b>CEIP Illas Cíes</b>	IES Alexandre Bóveda	IES Álvaro Cunqueiro
<b>CEIP Virxe do Rocío</b>	IES Alexandre Bóveda	IES Álvaro Cunqueiro
<b>CEIP Pintor Laxeiro</b>	IES Santa Irene	IES Alexandre Bóveda
<b>CEIP Altamar</b>	IES Santo Tomé	IES Santa Irene
<b>CEIP S. Ramón y Cajal</b>	IES Politécnico	IES ROU
<b>EEl Hernán Cortés</b>	CEIP Lope de Vega	-----